

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27002353	CPI de Cervantes	Cervantes	2023/2024

**Área/materia/ámbito**

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	9	315

**Réxime**

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introdución

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demáis persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas árees, a través da realización de proxectos de aula formados por situacíons de aprendizaxe que resulten motivadoras e conecten directamente cos intereses do alumnado. Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacíons de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres árees curriculares.

A temporalización dos proxectos terá un carácter aberto e flexible tendo en conta as características do grupo aula, formado por alumnado de 4º, 5º e 6º de educación infantil e 1º de educación primaria. Pero con carácter xeral desenvolverase un proxecto global en cada trimestre complementado con pequenos proxectos baseados en diversos contos que traballarán aspectos básicos da aprendizaxe infantil e tamén en temáticas de interese que irán xurdindo ao longo do curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacíons cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoíándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

### Descripción:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Aprendizaxe continua.	<p>Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (asambleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional....).</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de presentación de novos integrantes da clase, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, rutinas... e todo aquello que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes más básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	45	X	X	X
2	Coñézome / Así son eu	<p>Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...</p> <p>Levaremos a cabo propostas centradas no coñecemento de vocabulario relacionado coas emocións así como a expresión de sentimentos.</p> <p>Iniciaremos ao alumnado na descripcións de persoas, xogos de palabras e rimas...</p>	45	X		
3	Arte-llando.	<p>Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado.</p> <p>As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles.</p>	45	X		
4	Xeitos de vivir.	<p>Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo, cultura ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións...</p> <p>Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas búsquedas de información, recopilación e comunicación da mesma, elaboración de sinxelos materiais de difusión empregando diferentes linguaxes...</p>	45		X	
5	O mundo vexetal.	Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na	45		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
5	O mundo vexetal.	horta, descubrindo aspectos da agricultura... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descripción dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais...	45		X	
6	O mundo animal.	Nesta categoría incluimos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a súa relación cos seres humanos... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descripción de animais segundo as súas características singulares, así como a descripción do seu hábitat, elaboración de presentacións sinxelas para presentar información...	45			X
7	Onde eu vivo	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información, adaptadas a súa idade, sobre diferentes temas para poder coñecer diferentes aspectos que poder difundir a través de diferentes producións en ambas linguas oficiais.	45			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Aprendizaxe continua.	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	"Coñece as expresións de convencións sociais básicas básicas e empregaas no intercambio comunicativo usando unha linguaxe respetuosa coas demás persoas.	

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo os diferentes sons da lingua e asóciaos con letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demás.	Comprende as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demás con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para expoñer aos demáis as súas necesidades e desexos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres e/ou suxeridos.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso	
CA5.3 - Gozar compartindo a escucha e a lectura de textos literarios.	Escucha con atención a lectura de textos literarios e goza compartindo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo tras a escucha ou lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir sons.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e assertividad.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escucha activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> </ul>

## Contidos

- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas lingua cooficiais.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas lingua cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Coñézome / Así son eu	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, empregando palabras, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	TI
CA7.5 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demás de xeito respetuoso.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demás e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre individuais e colectivas.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo e o movemento, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Arte-llano.	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	
CA5.5 - Expressar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.4 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte de xeito guiado a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	TI
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas con interese	
CA7.3 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións.	
CA7.4 - Expressar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demáis de xeito respetuoso.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> </ul>

## Contidos

- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Xeitos de vivir.	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	TI
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexúzos e estereotipos.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demás de xeito respetuoso.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear, con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> <li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.</li> <li>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.</li> <li>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O mundo vexetal.	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece e comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo)	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozož	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos e palabras coñecidas, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	TI
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar e diferenciar palabras segundo as súas características	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas de xeito guiado sobre as interpretacións dos demáis de xeito respetuoso.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear, con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> </ul>

## Contidos

- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números¿
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
